




Pablo Picasso: Matanza en Corea (1951). FOTO: CORTESÍA RMN-GRAN PALAIS (PARÍS).

Quen tivo ocasión de viaxar a París na primavera e en xullo pasados puido incorporar á súa visita a exposición que o Museo do Exército Francés presentou co título explícito de *Picasso e a guerra*. Tal mostra podería causar unha dobre sorpresa: a primeira, o lugar no que tivo lugar (Os Inválidos); a segunda, porque para un visitante de noso non resulta moi pensable que o museo español homólogo (situado en Toledo) se fose abrir a un pintor como o autor do *Guernica*.

Residente en Francia entre 1901 e 1973, Picasso conservou sempre a súa condición de español malia que, de maneira preventiva, en 1940 solicitou a nacionalidade francesa, que lle foi denegada por antecedentes ideolóxicos; tal vez por iso non aceptou máis tarde a Gran Cruz da Lexión de Honra que Pompidou lle quería conceder. O malagueño, non participou directamente nas dúas guerras mundiais nin tampouco no conflito civil español. Pero tal distanciamento persoal non supuxo indiferencia como artista, antes ao con-

tros proxectos, cos Ballets Rusos) pero non por iso foi alleo á contenda. Antes dela, en 1912 fixera xa un collage con recortes de xornal sobre o conflito balcánico así como un retrato dun rebelde marroquí oposto aos colonialismos español e francés.

Pero foi coa Guerra Civil cando tomou partido: asumiu a condición de director honorario do Museo do Prado e aceptou o encargo do goberno da República española para a exposición de París de 1937, que calou no cadro *Guernica* (reproducido a escala 1 nesta exposición).

Durante a ocupación nazi da capital francesa, Picasso recluíuse no seu estudo de Grands-Augustins, no cal recibiu a visita dalgúns oficiais do exército ocupante. Despois da liberación, amosouse como antifascista militante e, na falta da carta de identidade francesa e sendo cidadán dun país dominado por unha ditadura, o carné de afiliado ao PCF fixo as funcións de salvoconduto. En paralelo, foi colaborar coa revista *Les Lettres Françaises*, dirixida por Louis Ara-

gon, na que escribiu que a pintura é un instrumento para a guerra ofensiva e defensiva e non pode servir unicamente para decorar paredes.

Anos despois, tal compromiso levouno a pintar un dos seus cadros antibe-

licistas máis emblemáticos: *Matanza en Corea*, de inspiración goyesca, que representa o fusilamento dunhas mulleres e uns nenos a mans dun piquete de soldados case marcianos. E desde aquela, un compromiso claro a favor da paz. Ou O

Picasso foi censurado por evitar ser mobilizado cando Francia se declarou belixerante en 1914, cousa que conseguiu por razóns de saúde. Contra tal crítica cómpre lembrar diversas circunstancias: era español residente en Francia, aquela guerra foi vista como unha manifestación de exaltación nacionalista e foron moitos os dirixentes de esquerda (franceses e alemáns) que se opuxeron á contenda. Actuou daquela como os pintores cubistas, que non quixeron pintala (velai a exposición presentada en 2016 en Barcelona “Cubismo e guerra”).

Tamén foi censurado pola súa actitude supostamente morna durante a ocupación de París entre 1940 e 1944. Foron moitos os que, por necesidade ou por convence-

Pacifismo ou indiferencia

litantes pola vida burguesa que levaba o pintor, como se ser comunista comportase a obriga de vivir como un pobre ou se fose incompatible ser artista de éxito e ter un compromiso social. Pero a ningún se lle pode esixir un compromiso de parte, sexa a patria ou o partido. Nin sequera unha peaxe económica. E se chega, benvida sexa.

rapto das sabinas (1962), motivo tomado de Poussin e David. Moitos dos obxectos conservados por Picasso coetáneos da guerra tamén están expostos e dialogan coas súas pinturas, con xornais e fotografías.

No marco desta exposición tamén se presentou a única obra de teatro de Picasso, escrita en 1941, *O sexo atrapado pola cola*, título que ten un dobre sentido xenital. Peza breve de matriz surrealista, foi representada tres veces os sábados e domingos ata a clausura da mostra. En homenaxe a Max Jacob, o escritor e pintor morto uns meses antes no campo de concentración francés de Drancy, foi estreada en 1944 con dirección de Albert Camus e a participación de S. de Beauvoir, J.-P. Sartre, D. Maar e R. Queneau. Obra que en 2010 foi lida dramatizada co gallo dos vinte anos do Museo Rainha Sofía de Madrid.

Cabería reflexionar se Picasso fixo algo para non ser mobilizado (quen non?), se contemporizou coa ocupación nazi de París ou se houbo certo oportunismo cando, liberada Francia en 1944, pediu afiliarse ao PCF. O certo é que sempre sentiu arrepiño polas armas e polos uniformes e, sen rexeitar unha vida de burgués, sempre dixo estar do lado dos oprimidos.

Picasso e mais a guerra

Do *Guernica* á *Matanza en Corea*

JOAQUIM VENTURA

trario.

A actual exposición parisiense fíxoo evidente. Unha foto exposta mostra a Picasso en 1991 fatado, con moita ironía, co uniforme militar de G. Braque, un dos seus amigos artistas que foron mobilizados (como Apollinaire e Cocteau) na guerra de 1914. Picasso pasou boa parte daqueles anos terribles lonxe de París (colaborando, entre ou-